

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 03/01/2024 POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN REITORAL DO 12/09/2023 POLA QUE SE ESTABLECE O RÉXIME DE INCLUSIÓN NA SEGURIDADE SOCIAL E COTIZACIÓN DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA QUE REALICE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

A entrada en vigor do disposto na Disposición Adicional 52ª da LXSS, prevista para o 1 de xaneiro de 2024, determinou o ditado da Resolución reitoral do 12/09/2023, na que a Universidade de Santiago asumiu as obrigas derivadas da inclusión no sistema de Seguridade Social dos alumnos que realicen prácticas curriculares e extracurriculares non remuneradas. Con todo a recente publicación do *Criterio 11/2023. Ampliación 3ª. Consultas relativas á aplicación da disposición adicional quincuaxésima segunda do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social* por parte da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, da Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, exige unha revisión do disposto na dita resolución reitoral. Neste documento, a propósito da consulta sobre a inclusión no ámbito de aplicación da disposición adicional quincuaxésima segunda das prácticas extracurriculares, recóllese con rotundidade que “Como resulta fácil deducir, as prácticas extracurriculares, en tanto son de carácter voluntario e non forman parte do Plan de Estudos, non poden considerarse dirixidas á obtención das titulacións que relaciona a letra a) do apartado 1 da disposición adicional quincuaxésima segunda do TRLXSS, polo que a súa realización non permite a alta no Réxime Xeral como asimilados a traballadores por conta allea ao amparo da citada disposición adicional”.

En consecuencia, imponse unha corrección do disposto na Resolución reitoral do 12/09/2023, encamiñada á eliminación das prácticas extracurriculares do ámbito da súa aplicación, en particular á reforma dos puntos PRIMEIRO e SEGUNDO, cinguíndose así a Resolución reitoral ás prácticas académicas de natureza curricular.

Tendo en conta o anterior, no uso das competencias atribuídas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela,

RESOLVO,

Modificar os puntos PRIMEIRO e SEGUNDO da Resolución reitoral do 12/09/2023 pola que se establece o réxime de inclusión na seguridade social e cotización do alumnado da Universidade de Santiago de Compostela que realice prácticas académicas externas, que pasarán a ter a seguinte redacción:

“PRIMEIRO. A Universidade de Santiago de Compostela asumirá as obrigas derivadas da inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas académicas externas curriculares non remuneradas (incluídas as conducentes á elaboración de TFG e TFM)”.

E

“SEGUNDO. No suposto de convenios subscritos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2024 e que manteñan a súa vixencia despois da data indicada, a Universidade de Santiago de Compostela atenderá as obrigas derivadas da inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas académicas externas curriculares non remuneradas.

A petición das empresas ou entidades poderase formalizar unha addenda ao convenio no que figure este compromiso por parte da USC”.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O reitor,  
Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
03/01/2024 12:07:13.

**CSV:** A1D7-E134-4D66-86D8